



## Os acordos retributivos do 2018 hipotecan o profesorado galego e colócanos por debaixo do IPC real

O acordo dos sindicatos estatais co anterior goberno do PP en Madrid colócanos de novo en cifras negativas ao respecto do IPC deste 2018. A suba foi do 1,5% de xaneiro a xuño e do 1,75% de xullo a decembro (unha media do 1,62% anual). O IPC interanual estaba en agosto no 2,2%.

O acordo retributivo docente sérvese de trampas á hora de falar de homologación co resto do Estado e ata o profesorado galego durante 4 anos sen recuperar o que nos roubaron.

**O acordo da vergoña: 15€ de propina preelectoral no 2018 e 90€ en 4 exercicios orzamentarios.**

**Unha negociación fraudulenta desde o principio remata cun pacto por detrás en pleno verán sen posibilidade de consultar ao profesorado**

A Consellaría e os socios sindicais habituais veñen de asinar o peor acordo retributivo dos últimos anos, con condicións aínda peores que o acordo de 100€ asinado no 2003 e moi lonxe do acordo de 2006, cun incremento de 150€ e que contara co aval da **CIG-Ensino**. O acordo revístese da indecencia que supón facelo en pleno verán e sen ningunha nova convocatoria de Mesa Sectorial, de costas ao profesorado e á súa representación maioritaria. Pactouse que dentro de DOUS ANOS E MEDIO, en xaneiro de 2021, o profesorado galego percibirá 90€ brutos para, supostamente, homologar

PRAZOS	CONTÍA
OUTUBRO 2018	€15
XANEIRO 2019	€20
XANEIRO 2020	€25
XANEIRO 2021	€30

As contías son brutas. A suba final quédase en 90€ en xaneiro de 2021

as nosas retribucións coas que AGORA ten o resto do persoal docente do Estado.

As raquícticas contías e os prazos insultantes foron motivo suficiente para que a **CIG-Ensino** denunciara desde un primeiro momento a farsa da negociación, cuns sindicatos entregados sen rubor á Consellaría. O feito de que se boicoteara, tanto por parte da Xunta como dos seus socios na negociación, toda posibilidade de abrir un debate para mellorar as nosas condicións de traballo, como demandaron case 12.000 docentes en apoio á campaña de recuperación de dereitos, foi sen dúbida o primeiro favor que pagaron quen agora estamparon a súa sinatura no acordo, negándose rotundamente a ampliar a negociación



## Un negocio redondo para a Xunta: négase calquera acumulación doutros posíbeis acordos

Por vez primeira nun acordo a nivel galego, recóllese que no pacto se inclúen os fondos derivados do acordo retributivo de Madrid, pendentes de trasladar aínda ao persoal da Xunta. Falamos dun 0,3% da masa salarial que vai permitir que **no ano 2018 a Xunta non poña nin un euro adicional para**

**afrontar este acordo.** É máis, vai aforrar 60€. No ano 2019, só terá que achegar 158€ para facer fronte ao incremento de 280€ anuais pactados. O uso destes fondos para pagar parte do acordo docente ocultouse por parte da Consellaría até o final da negociación e só recibiu a denuncia da CIG-Ensino.

máis alá dos aspectos estritamente retributivos e condicionando o debate sobre a homologación cuns criterios inasumíbeis. Igual que fixeron ao se negar (por segunda vez os mesmos sindicatos) a introducir na negociación a devolución das pagas extras recortadas de 2013 a 2016, o “feito diferencial” do goberno Feijóo que supuxo un dos principais motivos da nosa perda salarial ao respecto doutros docentes do Estado.

## Hipotecan calquera mellora até 2021 e condicionan negociacións futuras

Máis alá das cifras e dos prazos, a letra pequena do acordo é, se cabe, máis preocupante. O que se acaba de facer é darlle carta branca á Consellaría para que non negocie ningún tipo de mellora até 2021. Ao tempo, dánse por bos os criterios tramposos desta negociación e indícanse que serán os que se empreguen nun futuro. Desbotan, por exemplo, que nalgún momento se poidan ter en conta, como demandou a CIG-Ensino, as contías globais que cada docente cobra, como mínimo, en cada Comunidade Autónoma desde o primeiro día de traballo, un criterio que tiraba pola borda os cálculos á baixa dos sindicatos estatais e da Consellaría. Por suposto, os mesmos asinantes póñense como salvagarda de que nada se mova, constituíndo unha nova “comisión de seguimento”. Un novo paripé da vella escola do entreguismo.

Acaban de asumir, por tanto, unha hipoteca: a de renunciar a calquera suba que realmente sexa digna e consecuente cos tremendos recortes sufridos polo profesorado galego.

## Diferenzas retributivas mensuais (14 pagas). Docentes sen antigüidade. Media ponderada PES e Mestres.

Comunidade	xullo 2018	xaneiro 2021
MELILLA	€ 622	€ 532
CEUTA	€ 622	€ 532
PAIS VASCO	€ 375	€ 285
NAVARRA	€ 306	€ 216
BALEARES	€ 197	€ 107
CANTABRIA	€ 156	€ 66
CASTELA A MANCHA	€ 124	€ 34

Cálculo feito sobre unha media ponderada das retribucións dos Corpos de Mestres e de PES sen antigüidade e computando só as **retribucións mínimas** que se cobran en cada territorio **desde o 1º día de traballo**. Só se reproducen na comparativa as comunidades con retribucións superiores a Galiza, **comparando a situación actual co final da aplicación do acordo en 2021**. Non se teñen en conta complementos (cargos, coordinacións, sexenios) nin as posíbeis subas salariais que se poidan acadar noutras CC.AA.

## Desprézase a vontade do profesorado

O profesorado quere mellorar as condicións de traballo. Quere recuperar o horario lectivo que tiña no ano 2009. Nun momento no que a nova ministra parece querer abrir a porta a recuperar, polo menos, as 18 horas en secundaria, en Galiza, Xunta e sindicatos asinantes deciden que non toca tomar a iniciativa. Como tamén se negaron a falar de rateos, de burocracia, de estabilidade, de atención á diversidade, de non pagar por enfermar...

## Sen consulta nin información

O profesorado volveu ás aulas en setembro e viu como, sen información nin contraste, unha minoría sindical vendeu a negociación retributiva con criterios, contías e prazos insultantes. Preferiron unha baixa temeraria que afrontar un conflito aberto para forzar á Xunta a ir máis alá, tanto no retributivo como nas condicións de traballo. Evidénciase unha vez máis os diferentes modelos sindicais que representa a CIG-Ensino e aqueles que optan pola submisión a quen executou os maiores recortes ao profesorado e agora non asume a restitución dos nosos dereitos.

## Unha farsa que deixa tirado ao profesorado

Nos criterios para fixar cal era o desfase entre o profesorado galego e o do resto do Estado non se tiveron en conta as retribucións mínimas que se cobran nalgún territorios do Estado, nin o feito de que outros levan moitos anos cunhas diferenzas enormes ao respecto nosa. Tampouco se tivo presente que case todas as CC.AA abrirán negociacións, con total seguridade, para incrementar as retribucións do seu profesorado nos próximos meses, coas eleccións autonómicas ás portas. Un panorama que explica claramente as présas da Xunta por pechar en falso un acordo que non lle supón un alto custe e que fai aínda máis incomprensíbel e indecente o apoio dado polos sindicatos asinantes.

## Os acordos colocan ao profesorado en cifras negativas ao respecto do IPC

Logo de publicarse a Lei de Orzamentos do Estado para o 2018, na que se fixa un incremento salarial para o persoal do sector público do 1,5%, de xaneiro a xuño de 2018 e cando xa se coñece o dato do **IPC**

**interanual do 2,3% nos meses de xuño e xullo e do 2,2% en agosto**, constátase o que a CIG xa prevía cando rexeitou na Mesa Xeral de Negociación do Estado o Acordo asinado polos sindicatos estatais; daquela xa dixemos que era un pésimo precedente **desvincular os nosos salarios do IPC**, e non pasaron máis de tres meses para confirmalo: á perda de poder adquisitivo acumulada dende o ano 2010 vén sumarse agora unha nova desviación derivada deste Acordo, que xa supón unha perda do 0.8% en 6 meses, co que a perda de poder adquisitivo no período 2010 – 2018 chega xa ao 14%.

## No que queda de ano, un 0,25% máis

Na segunda metade do ano haberá un pequeno “aguinaldo” do 0,25% o que suporá que até setembro a suba chegue ao 1,75% (**o que implica que a suba fique no 1,62% anual**) cando todas as previsións do IPC a finais de ano superan o 2%. Por tanto, todo indica que a perda de poder adquisitivo se consolidará en decembro.

## Feitos:

- O acordo de Madrid (sindicatos estatais e PP) desvinculou os salarios do IPC.
- O Pacto de Toledo vén de dar marcha atrás e prevese que as pensións suban segundo o IPC.
- O profesorado segue a perder poder adquisitivo.

**Temos que recuperar o IPC como suba salarial mínima!**

# 6.300€

Esta é a media do diñeiro que nos roubaron das pagas extras entre 2013 e 2016 e que se negaron a incluír na negociación.

## A CIG centrará as súas propostas na recuperación do IPC como valor de referencia e na superación dos acordos asinados.

Acabamos de ver como se asinou unha declaración de intencións no Pacto de Toledo para que o IPC sexa o valor de referencia para as pensións. Falta que se transforme en lei. Este mesma proposta foi a que a CIG presentou na mesa xeral de Madrid e que o anterior goberno, CCOO, UGT e CSIF desprezaron. A CIG vai demandar da nova ministra de Facenda un plan de recuperación do poder adquisitivo perdido que supoña na práctica a superación daquel mal acordo dos sindicatos estatais con Montoro.

O primeiro, para a CIG, debe ser blindar calquera posíbel acordo cunha **cláusula de revisión salarial que impida que os soldos estean por baixo do IPC**. Isto implicaría, botar por terra o principal logro do goberno do PP que alegremente subscribiron os sindicatos estatais: a vinculación das subas salariais ao Produto Interior Bruto (PIB).

En segundo lugar, para a CIG é fundamental **revisar o acordo asinado e conseguir unha auténtica**

**recuperación salarial** despois de 9 anos de sangría retributiva para o profesorado e o conxunto dos e das traballadoras do sector público.

En terceiro lugar, a CIG manterá o seu **rexeitamento ao tope do 0,3% que o Estado lle “permite” ás diferentes administracións para mellorar o raquítrico acordo estatal**. Esa limitación debe eliminarse e **a Xunta debe asumir unha negociación que nos leve á recuperación dos recortes** que a propia administración galega converteu nos maiores do Estado (6.300€ de media deixou de ingresar o profesorado galego nas pagas extras entre 2013 e 2016) e que, no caso do profesorado, permita afrontar unha negociación real, lonxe da fraude que supuxo a negociación a finais do curso 2017/18.

ANO	IPC ESTADO	VARIACIÓN SALARIAL	DIF ESTADO
2010	3,1%	-5%	-8,1%
2011	2,5%	0%	-2,5%
2012	2,6%	0%	-2,6%
2013	0,5%	0%	-0,5%
2014	-1%	0%	1%
2015	-0,2%	0%	0,2%
2016	1,6%	1%	-0,6%
2017	1,1%	1%	-0,1%
2018 (até xuño)	2,30%	1,50%	-0,8%
TOTAL	12,50%	-1,50%	-14,00%

Fonte dos datos do IPC: INE.

### Pagas extras, aínda incompletas

A responsabilidade de que as pagas extras se manteñan aínda incompletas é exclusiva do Estado, que mantén recortado o **salario base e os trienios**. Desde a CIG tamén demandaremos da nova ministra de Facenda a recuperación deste dereito e a pago íntegro das pagas extras.